

PARA O OUTONO QUE AMEI:

por Jesús Daniel Solano Garnica

Decidín chamarche outono pola simple razón de que o outono é a miña estación favorita e tamén ti naciches nesa estación.

Eu penso que o outono e precioso, as cores das árbores que adoitaban ser verdes, cambian a tons ámbar e marróns con amarelo, as follas caen seguindo o curso da brisa, como os teus olliños cor abeleira. A túa maneira de rir por calquera cousa e bailar sen saber, como facendo pasos raros, aprendendo no momento, e como poñías a cara co teu sorriso. Era bonito poder falar contigo de calquera cousa sen ter medo do que poderías pensar, falar por horas de calquera tema e escoitarte falar dos teus gustos e plans de futuro. Era como dar un paseo debaixo das árbores.

Un día todo cambiou. Aquel sorriso deixou de mostrarse e lentamente, falabas moito menos conmigo, e contestabas fría e sen ganas.

Creo que o único que podes amar do outono é o inicio, cando aínda as árbores mostran as súas follas douradas e aínda hai temperaturas non tan frías, polo recén rematado verán. Pero ao final só quedan árbores baleiras, sen nada máis que amosar que ramas secas e coas follas desaparecidas, porque xa forón levadas polos ventos, e as que quedan, están negras e sen vida, molladas no chan e as temperaturas agradables do inicio fanse frías, frías ata o punto de non sentiren os teus beizos.

Creo que xa non me gusta o outono... Pero aínda así, o outono ensínanos a tomar un respiro entre estación e estación, permite que a terra do chan recupere nutrientes. Así que a pesares de todo, dou grazas. Grazas por ensinarme a bailar e por permitirme vivirte e experimentarte, outono.

- Con cariño, para aquel Outono.